

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2022**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTEN:**

D. Juan González Leirós  
D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros

### **SECRETARIA ACCIDENTAL:**

D.<sup>a</sup> Verónica Maria Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día trinta de agosto do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión o Sr. concelleiro D. Juan González Leirós, a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez e a Sr. concelleira D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.<sup>a</sup> Verónica Maria Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE AGOSTO DE 2022 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 25 DE AGOSTO DE 2022**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 23 de agosto de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 23 de agosto de 2022.

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 25 de agosto de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 25 de agosto de 2022.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución de 11 de agosto de 2022, de Augas de Galicia, pola que se amplía o crédito da Resolución de 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento AU301C). DOG núm. 160, de 24-08-2022.

- Resolución de 12 de agosto de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se realiza á segunda convocatoria do ano 2022 das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (código de procedemento SI461A). DOG núm. 163, de 29-08-2022.

## **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 19 ao 25 de agosto do 2022, que comezan coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social núm. 1447/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1502/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1447/2022	19-08-2022	Renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a D.V.R.
1448/2022	19-08-2022	Renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.J.P.N.
1449/2022	19-08-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.C.P.P.
1450/2022	19-08-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.V.R.S.
1452/2022	19-08-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a F.J.C.B.
1453/2022	19-08-2022	Renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.M.B.
1454/2022	19-08-2022	Desistencia a axuda de emerxencia social recibo de luz de L.C.S.
1457/2022	19-08-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de agosto de 2022
1458/2022	19-08-2022	Denegación de axuda de recibo de alugueiro a J.A.M.V. porque non constitúe unha situación axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1459/2022	19-08-2022	Desistencia a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro e lentes correctoras de R.M.G.
1460/2022	19-08-2022	APSV Contrato Menor pintado pavimento cociña E.I Galiña Azul da Barcala
1461/2022	19-08-2022	Expediente de reposición de legalidade urbanística por non axustarse a licenza concedida o local sito en rúa Poligono, denominado cervecería Solicitante: jamoneria los bocatas, s.c.
1462/2022	19-08-2022	Licenza primeira ocupación e licenza actividade para a nave sita na parcela 49 e 50 do plg. industrial Espiritu Santo. Solicitante: JCDG
1463/2022	19-08-2022	Licenza de primeira ocupación, devolución do aval e arquivo expediente de disciplina para a vivenda sita en Castellana – Cambre. Solicitante: FJLS
1464/2022	19-08-2022	Declaración de innecesariedade para dividir de finca sita en Fontenla, de 7.103 m <sup>2</sup> una parcela de 1.813,50 m <sup>2</sup> promovida por JSC
1465/2022	19-08-2022	Licenza de construción de vivenda unifamiliar en lugar Outeiro, Santa Maria de Vigo
1466/2022	19-08-2022	Licenza de edificación dunha vivenda unifamiliar en Cereixeiro - Brexo promovido por RPT
1467/2022	22-08-2022	Venda ambulante ocasional nas festas de Pravio agosto 2022 M <sup>a</sup> ESP
1468/2022	22-08-2022	Aprobación da documentación xustificativa do convenio de colaboración entre o Club Ciclista Cambre e o Concello de Cambre para a promoción do ciclismo durante o ano 2021 e pago da segunda achega.
1469/2022	22-08-2022	Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación Deportiva e Cultural de Clubs de Fútbol de Cambre, como entidade colaboradora para a promoción do fútbol durante o ano 2021.
1470/2022	22-08-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de agosto de 2022
1471/2022	22-08-2022	Avocación de competencias de dona Lúa Sanguñedo Alvarez do 29 de agosto ao 2 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos
1472/2022	22-08-2022	Avocación de competencias de don Juan González Leirós do día 22 ao 31 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos
1473/2022	22-08-2022	Concesión anticipo a funcionaria de carreira AM <sup>a</sup> Sg
1474/2022	22-08-2022	Denegación de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro, recibo de auga, recibo de luz e recibo de gas a M.J.V.M. porque non constitúe unha situación axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada
1475/2022	22-08-2022	Proposta de recoñecemento de obrigas correspondente á aprobación definitiva municipal da valoración do dereito indemnizatorio do arrendatario en peza incidental sustanciada no expediente de expropiación forzosa por taxación conxunta. Expropiación urbanística
1476/2022	23-08-2022	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022. 2 <sup>a</sup> achega



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1477/2022	23-08-2022	Aprobación a relación de admitidos na axenda de verán do Programa de Escolas de Actividade Físic e Saúde ano 2021-2022
1478/2022	23-08-2022	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022. 2ª achega
1479/2022	23-08-2022	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de marzo de 2022
1480/2022	23-08-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 90.194,69 euros
1481/2022	23-08-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a R.A.S.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1482/2022	23-08-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.R.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1483/2022	23-08-2022	Renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.P.V.
1484/2022	24-08-2022	Celebración voda civil o día 27 de agosto de 2022 ás 13 horas
1485/2022	24-08-2022	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester-Sigrás para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022. 2ª ACHEGA
1486/2022	24-08-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 45.689,22 euros
1487/2022	24-08-2022	Autorización condutor asalariado na licenza de taxi nº 19, don. J.M.M.C.
1488/2022	24-08-2022	Corrección erros da Resolución da Alcaldía número 1472 de fecha 22 de agosto de 2022, respecto da avocación de competencias do primeiro tenente de alcalde Juan González Leirós, dende o día 22 ao 31 de agosto de 2022
1489/2022	24-08-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: Campamento urbano de verán 2022 (1ª quenda: do 1 ao 15 de xullo de 2022 e 2ª quenda: do 18 ao 29 de xullo de 2022)
1490/2022	24-08-2022	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 100, letra D, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de depositar as cinzas de don A.G.M., falecido o día 9 de abril de 2022
1491/2022	24-08-2022	Inscripción na urna perimetral sinalada co número 167, letra B, no cemiterio municipal de Cambre de dona C.G.V. falecida o día 1 de novembro de 2018
1492/2022	24-08-2022	Contrato menor "Adecuación e reparación parcial do pavimento del patio exterior do CEIP Portofaro. O Temple"
1493/2022	24-08-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de agosto de 2022
1494/2022	24-08-2022	Liquidación das achegas 2020-2021 Plan de transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña
1495/2022	24-08-2022	Recoñecemento de obrigas correspondente á aportación municipal ao Servizo de Transporte de Interese municipal (SIMU), ao Plan de

		Transporte Metropolitano de Galicia na Área da Coruña- Programa de Mellora da Oferta. Liquidación achega 2021 e achegas 2022 Transporte Metropolitano SIMU 2022
1496/2022	25-08-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.T.R.P.
1497/2022	25-08-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.M.G.M.
1498/2022	25-08-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a E.G.V.
1499/2022	25-08-2022	Aprobación de certificacións de obra "Acondicionamento do entrono e da planta semisoto do local social de Meixigo. Cambre" (núm 1 a 3)
1500/2022	25-08-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 40.046,54 euros
1501/2022	25-08-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 66.860,62 €
1502/2022	25-08-2022	Conceder a licenza para as obras de rehabilitación do pazo de Pravio para destinar a hotel de 3 estrelas. Solicitante: Hotel Pazo de P, S.L-

#### **4º.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- A) Proposta de devolución de aval á empresa *Construcciones Ponciano Nieto S.L.*, adxudicataria da obra "Reordenación dos estacionamentos rúa Rio Sil, A Barcala incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2017". Expediente 2017/C003/000016
- B) Aprobación do "Proxecto básico e de execución de reforma e Ampliación do Complexo Deportivo Municipal da Barcala". Expediente: 2022/C003/000013

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia do asuntos anteriormente citados é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

#### **A) PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL Á EMPRESA CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L., ADXUDICATARIA DA OBRA "REORDENACIÓN DOS ESTACIONAMENTOS RÚA RIO SIL, A BARCALA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2017". EXPEDIENTE 2017/C003/000016**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de agosto de 2022 (CVD: 6FRkO86cemAfldwaMa61), relativa á "Proposta de devolución de aval á empresa *Construcciones Ponciano Nieto S.L.*, adxudicataria da obra "Reordenación dos estacionamentos rúa Rio Sil, A Barcala incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2017". Expediente 2017/C003/000016", que transcrita di:



## **"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data 17.10. 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Construcciones Ponciano Nieto S.L.* para a obra "Reordenación dos estacionamentos rúa Rio Sil, A Barcala incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2017)".

Expediente 2017/C003/000016

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por aval bancario da entidade Abanca e importe total de 2.089,89 euros euros, depositado na Tesourería municipal, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal , con data do 12 de xullo de 2022.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 22 de agosto de 2022.

A teor do establecido nos arts. 106 e seguintes da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade "Construcciones Ponciano Nieto S.L.", CIF B15293145 e dirección postal Rúa Agra dos Cregos, nº 28-Baixo, 15850, Zas (A Coruña) no expediente número 2017/C003/000016 para a obra "Reordenación dos estacionamentos rúa Rio Sil, A Barcala incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2017)".

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de agosto de 2022 (CVD: 6FRkO86cemAfldwaMa61), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **B) APROBACIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DA BARCALA”. EXPEDIENTE: 2022/C003/000013**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da Alcaldía de data 24 de agosto de 2022 (CVD: tUbKgSCss+ufhDjcxqBj), relativa á aprobación do “Proxecto básico e de execución de reforma e Ampliación do Complexo Deportivo Municipal da Barcala”. Expediente: 2022/C003/000013, que transcrita di:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 20 de xullo de 2021 aprobou o “Proxecto básico e de execución de reforma e ampliación do Complexo Deportivo Municipal da Barcala. Marzo 2021” cun orzamento base de licitación de 187.187 euros IVE incluído.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 7 de setembro de 2021 aprobou a declaración de deserto por falta de licitadores, o expediente de contratación número 2021/C003/000002, para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) do “Proxecto básico e de execución da reforma e ampliación do complexo deportivo de A Barcala. Marzo 2021”.

Por todo canto antecede, procédese a actualización do proxecto para adaptalo aos prezos actuais de mercado tendo en conta o incremento de prezos sufrido, no último ano, polos materiais de obra empregados nesta actuación. Con data 10 de xuño de 2022 asíñase polo arquitecto don Alejandro González Rodríguez o documento denominado “Proxecto básico e de execución de reforma e ampliación do Complexo Deportivo Municipal da Barcala. Xuño 2022” cun orzamento base de licitación de 274.322,69 euros IVE incluído.

O citado documento conta con informe favorable de supervisión, emitido polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 17 de xuño de 2022.

Por Resolución de Alcaldía número 1324/2019 de data 1 de xullo de 2019, delégase na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento Orgánico Municipal, as competencias desta Alcaldía como órgano de contratación respecto, entre outros puntos, “a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento”

Visto que o “Proxecto básico e de execución de reforma e ampliación do Complexo Deportivo Municipal da Barcala” está incluído no orzamento municipal de 2022, concretamente na aplicación 342 622.00, compete á Xunta de Goberno Local a aprobación deste proxecto.



Por todo canto antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Aprobar o proxecto “Proxecto básico e de execución de reforma e ampliación do Complexo Deportivo Municipal da Barcala. Xuño 2022” asinado polo arquitecto Alejandro González Rodríguez con data 10 de xuño de 2022 e cun orzamento base de licitación de 274.322,69 euros IVE incluído.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 24 de agosto de 2022 (CVD: tUbKgSCss+ufhDjcxqBj), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### 5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López